



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Lingua e Literatura Galega reuniuse de maneira telemática o día 30 de abril e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

MATERIA E CURSO: LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)

No 3º trimestre como materia nova veremos a conxugación verbal (repaso e ampliación) e o adverbio, preposición e conxunción, ademais dunha ampliación do xénero narrativo e diferentes tipoloxías de textos e as súas propiedades. De resto, serán actividades de reforzo daquilo xa traballado nos dous primeiros trimestres. De aí que as actividades estean encamiñadas ao desenvolvemento dos seguintes estándares de aprendizaxe imprescindíbeis:

- Comprende e explica as lecturas de apoio de cada unidade.
- Le comprensivamente diferente tipos de textos.
- Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas.
- Identifica a idea principal da secundaria.
- Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto.
- Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

COMPETENCIAS BÁSICAS

(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)



Competencias imprescindibles que debe desenvolver o alumando nesta materia de Lingua Galega e Literatura para o 3º trimestre.

- **Comunicación lingüística (CCL)**
- **Competencia dixital (CD)**
- **Aprender a aprender (CAA)**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

PRESENCIAL¹:	
TELEMÁTICA:	O terceiro trimestre terá só unha avaliación positiva, en que se poderá conseguir unha cualificación máxima de 1,5 puntos desglosada da seguinte maneira: <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e traballo escrito dunha obra literaria entre un abano de 6 obras posíbeis, que será enviada ao correo do profesor (0,5 puntos) • Exercicios sobre conxugación verbal, adverbios, preposicións e conxuncións, así como sobre diferente tipoloxía de textos (1 punto) A cualificación obtida neste terceiro trimestre sumarase á media alcanzada nos outros dous trimestres.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

(Realizárase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)

A cualificación obtida coas actividades do 3º trimestre (até 1'5 puntos) sumarase á media alcanzada nos dous trimestres anteriores.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

A adaptación da programación didáctica 2019/20 do departamento de Lingua e Literatura Galega será publicada na páxina web do centro IES Canido.

En Ferrol, a 30 de abril de 2020

Henrique Dacosta López
Profesor de 1º de ESO